



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2010 13:26
Nº Rexistro: 18788
Data envío: 11/01/2010 13:26:46.830

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás razóns da exclusión da lingua galega na información de paneis electrónicos nas estradas e autoestradas da Galiza.

Foi posíbel comprobar como nos últimos días, toda a información visual subministrada polos paneis electrónicos nas estradas e autoestradas da Galiza, relativa ao estado dos viais, aparición de neve ou xeo, suxestións de adiamento da volta ao fogar por razón de condicións climatolóxicas, entre outras, aparecía exclusivamente en español, excluíndose o galego, a diferenza do que ocorría con anterioridade, coa nosa lingua presente na maioría destes paneis.

Non existen razóns que xustifiquen a eliminación do galego na información destinadas aos usuarios e usuarias de estradas e autoestradas no noso país. Tampouco son problema de carácter tecnolóxico. Semella que galegas e galegos non posúen o dereito, na súa propia Terra, de recibiren información no idioma propio do país.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que datos posúe a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre as razóns que levaron á eliminación da lingua galega na información subministrada por paneis electrónicos en estradas e autoestradas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2010 13:26
Nº Rexistro: 18788
Data envío: 11/01/2010 13:26:46.830

2.^a) Que avaliación realiza destes feitos?

3.^a) Ten previsto adoptar medidas na defensa do dereito e a liberdade dos galegos e galegas a obteren información sobre o estado dos viais no idioma propio do noso país?

4.^a) En caso positivo, en que consistirán, e en que prazo se farán efectivas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/01/2010 13:25:46